



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

CURSO: **3º PRIMARIA**

ANO ACADÉMICO: **2020/2021**

## ÍNDICE

CONTEXTO .....	p. 3
ALUMNADO .....	p. 4
OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	p. 4
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN .....	p. 5
METODOLOXÍA PRESENCIAL .....	p. 8
METODOLOXÍA NON PRESENCIAL .....	p. 9
AVALIACIÓN .....	p.10
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	p.12
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	p. 17
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE .....	p. 18
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....	p. 19
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	p. 20
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	p. 22
CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO .....	P. 22

## 1. CONTEXTO

- CENTRO:

### **Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

### **Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

### **Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

### **Características singulares:**

#### **Programas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Titoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO

O nivel de terceiro de primaria está formado por un total de 47 discentes, coa incorporación de dúas alumnas novas.

Poboación inmigrante: NON

Alumnado con NEAE no curso actual: 6

Outras características: Os grupos foron mesturados no paso de segundo á terceiro de primaria.

- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Durante o mes de setembro do presente curso, realizouse todos os días repaso e reforzo dos contidos do curso anterior para poder comezar no mes de outubro co currículo propio de terceiro de primaria.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

## 2.2 1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	<b>BLOQUE 1</b>				
UD. 1	<p>B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.</p> <p>B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.</p> <p>B1.3. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.</p> <p>B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.</p> <p>B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.</p>		<p>MATERIAL ELABORADO E/OU FACILITADO POLAS TITORAS (RECURSOS MULTIMEDIA, FICHAS DE REFLEXIÓN, TEXTOS DE DIFERENTE NATUREZA...)</p>	OUTUBRO	5
UD. 2	<p>B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.</p> <p>B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.</p> <p>B1.8. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.</p> <p>B1.9. A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos.</p>			NOVEM./DECEM.	5

## 2.3 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización
------------------------	--------------------	---------	---------------------------	-----------------

			Mes	Número de sesións
	<b>BLOQUE 2</b>			
UD. 3	<p>B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.</p> <p>B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.</p> <p>B2.3. A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.</p> <p>B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.</p>	MATERIAL ELABORADO E/OU FACILITADO POLAS TITORAS (RECURSOS MULTIMEDIA, FICHAS DE REFLEXIÓN, TEXTOS DE DIFERENTE NATUREZA...)	XANEIRO/FEBR.	5
UD. 4	<p>B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.</p> <p>B2.6.A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruismo.</p> <p>B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.</p> <p>B2.8. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.</p>		FEBREI./MARZO	6

## 2.4 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	<b>BLOQUE 3</b>				
UD. 5	<p>B3.1 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.2 A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de</p>	MATERIAL ELABORADO E/OU FACILITADO POLAS TITORAS (RECURSOS MULTIMEDIA,	ABR. /MAIO	6	

	<p>problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</p> <p>B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.</p> <p>B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade.</p>	FICHAS DE REFLEXIÓN, TEXTOS DE DIFERENTE NATUREZA...)		
UD. 6	<p>B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.</p> <p>B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.</p> <p>B3.8. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</p> <p>B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.</p>		MAIO /XUÑO	6

### 3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- Aspectos xerais:

Metodoloxía activa e participativa, partindo das ideas previas do alumnado sobre o tema tratado e explicación e asimilación dos conceptos novos. Busca do debate e do intercambio de ideas.

- Estratexias metodolóxicas

O curso estruturase arredor de tres realidades que se corresponden coa estrutura dos contados da materia: a dimensión do eu, a interrelación co outro, e o individuo como pertenza a un grupo maior, a sociedade.

Durante o primeiro trimestre insistirase na idea do autoconcepto, as fortalezas persoais e o tratamento das emocións. No segundo trimestre desenvolveranse dinámicas entre o alumnado para interiorizar conceptos como empatía, asertividade, consenso... No terceiro trimestre as actividades propostas buscan concienciar ao alumnado da responsabilidade



individual como integrantes da sociedade, dos valores presentes nela e do coidado do planeta. O material utilizado para o desenvolvemento das actividades consiste en recursos multimedia, sobre todo curtametraxes, canción, entrevistas... así como de textos e testemuñas de diferente procedencia.

- Exemplo de secuenciación de traballo na aula
- ✓ Activación de coñecementos previos
- ✓ Analise das opinión e tratamento de prexuízos, ideas preconcebidas
- ✓ Explicación conceptual do tema e asimiliación/aplicación dos novos conceptos.
- Identificación
- ✓ Proposta dun recurso multimedia relacionado cos contidos traballados
- ✓ Reflexión e posta en común
- ✓ Actividade individual ou en grupo
  
- Outras decisións metodolóxicas: as que xurdan ao longo do curso.
  
- Agrupamentos: namentres permaneza a situación de pandemia, disposición individual na aula á máxima distancia que permite as súas dimensións.
  
- Tempos: a duración de cada unidade estenderase aproximadamente arredor de cinco ou seis semanas.
  
- Espazos: aula, espazos comúns do centro.

#### 4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: aula virtual
  
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex
  
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: Abalar Móbil

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade: planificación semanal de tarefas seguindo o horario de sesións de cada día; videoconferencias se é posible.
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade: comunicación da proposta de traballo e entrega de tarefas a través do correo electrónico da familia.

## 5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: dadas as características especiais do fin de curso anterior, no mes de setembro adicouse o tempo a reforzar a competencia lingüística e matemática. Non se realizou avaliación inicial da materia de Valores.

Tipo de proba (descripción): -----

Mecanismo para informar ás familias: -----

Consecuencias dos resultados das probas:-----

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Entrega de traballos e reflexións no transcurso da unidade e ao rematar cada una.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Cualificación do traballo nunha escala ata dez e escala de observación.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

**Entrega de traballos e escala de valoración da participación.**

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Media das notas obtidas en cada trimestre.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PERFIL DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 3º							
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO (%)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
		1ª	2ª	3ª			
<b>BLOQUE 1. A identidade e a dignidade da persoa 40%</b>							
VSCB1.1.1 - Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.	2%	X			Traballo de reflexión	Identifica os trazos da súa personalidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.1.2 - Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.	2%	X			Traballo de reflexión	Exprésase como é e recoñécese nos trazos que fan del ou dela os demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CC</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB1.2.1 - Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	3%	X			Traballo de reflexión	É capaz de comprometerse.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.3.1 - Aplica o autocontrol á toma de decisión.	3%	X			Escala de valoración	Toma decisións dun xeito tranquilo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.3.2 - Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.	3%	X			Traballo de reflexión	Recoñece as súas emocións e as dos demais. É quen de empatizar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.3.3 - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	3%	X			Escala de valoración	Ter sentido da tolerancia e da comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCL</li> </ul>

VSCB1.4.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.	3%	X			Escala de valoración	Traballa en equipo e acada algúns obxectivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.4.2 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	3%	X			Escala de valoración	É responsable.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.4.3 - Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.	3%	X			Lista de cotexo	É quen de autovaliar o seu traballo e actuacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.4.4 - Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	3%	X			Traballo de reflexión	Sabe ser resolutivo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
VSCB1.6.1 - Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.	3%	X			Escala de valoración	Participa na resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB1.6.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia.	3%	X			Traballo de reflexión	Identifica o problema e intenta resolvelo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
VSCB1.7.1 - Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións	3%	X			Traballo de reflexión	Sabe analizar os seus actos e acatar as consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
VSCB1.7.2 - Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.	3%	X			Escala de valoración	É respectuoso cos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS 30%</b>							
VSCB2.1.1 -Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.	1%		X		Traballo de reflexión	Expresa a súa opinión e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	1%		X		Escala de valoración	Saber expresar con claridade os seus sentimentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	1%		X		Escala de valoración	Comunícase empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.	1%		X	Escala de valoración	É respectuoso nas exposicións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.2.1. escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	2%		X	Traballo de reflexión	É comprensivo coas opinións dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	2%		X	Escala de valoración	Sabe ser participativo e colaborador	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.	2%		X	Escala de valoración	É quen de comunicarse a través da palabra.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.3.2. Amosa interese polos seus interlocutores.	2%		X	Escala de valoración	Amosa interese polos relatos dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas.	2%		X	Escala de valoración	Móstrase extrovertido.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.	2%		X	Lista de cotexo	É respectuoso coa linguaxe a empregar	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	2%		X	Traballo de reflexión	Contrasta diferentes opinións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	2%		X	Traballo de reflexión	Emprega diferentes habilidades sociais nas súas relacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	2%		X	Escala de valoración	É participativo e colaborador nos proxectos comúns.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.	2%		X	Traballo de reflexión	Sabe ser respectuoso e tolerante cos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB2.7.2. Recoñece e identifica as calidades doutras persoas.	2%		X	Traballo de reflexión	É quen de respectar aos demais e de recoñecer as súas calidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>

VSCB2.8.1 Forma parte activa das dinámicas do grupo.	2%		X		Lista de cotexo	É participativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB2.8.2 -Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	2%		X		Lista de cotexo	Mantén relación afectuosas cos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS 30%</b>							
VSCB3.1.1 Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.	1%			X	Lista de cotexo	Consegue relacionarse dun xeito afectuoso cos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	1%			X	Traballo de reflexión	É quen de desenvolver e resolver proxectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	1%			X	Lista de cotexo	Amósase positivo e aberto a outras opinións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.2.1 Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	1%			X	Escala de valoración	Mostrarse disposto a aprender.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>
VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.	1%			X	Escala de valoración	Ten estratexias para prestar a súa axuda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais.	1%			X	Escala de valoración	Ten estratexias para prestar a súa axuda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	2%			X	Escala de valoración	Coñece e respecta as normas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	1%			X	Escala de valoración	Ten unha actitude positiva.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula.	1%			X	Escala de valoración	Participa na elaboración das normas da aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar.	2%			X	Escala de valoración	Coñece e cumpre as normas do Centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.	2%			X	Traballo de reflexión	É resolutivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	2%			X	Escala de valoración	Emprega unha linguaxe positiva nas interaccións interpersoais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.	2%			X	Traballo de reflexión	É quen de empatizar e analizar situacións das partes do conflito.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.5.1. Expón os dereitos básicos da infancia.	2%			X	Traballo de reflexión	Sabe algúns dos dereitos fundamentais dos nenos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	2%			X	Lista de cotexo	Respecta o dereito de igualdade entre homes e mulleres	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	2%			X	Lista de cotexo	Manten unha actitude natural ante calquera actividade, sen diferenciar por sexos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.7.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	2%			X	Escala de valoración	Transmite o respecto polas normas de educación viaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
VSCB3.7.2 Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico	2%			X	Exposición	Expón as razóns de diferentes accidentes de tráfico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>
VSCB3.7.3. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	2%			X	Exposición	Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CMCT</li> <li>• CD</li> </ul>



## 6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostrar respeto hacia las obras más importantes del patrimonio cultural a nivel mundial.</li> <li>• Valorar la interculturalidad como una fuente de riqueza personal y cultural.</li> <li>• Expresar sentimientos y emociones desde códigos artísticos.</li> <li>• Apreciar la belleza de las expresiones artísticas y de lo cotidiano.</li> <li>• Elaborar trabajos y presentaciones con sentido estético.</li> </ul>
CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Captar el sentido de las expresiones orales: órdenes, explicaciones, indicaciones, relatos...</li> <li>• Comprender el sentido de los textos escritos.</li> <li>• Disfrutar con la lectura.</li> <li>• Expresar oralmente de manera ordenada y clara cualquier tipo de información.</li> <li>• Utilizar el conocimiento de las estructuras lingüísticas, normas ortográficas y gramaticales para elaborar textos escritos.</li> <li>• Componer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> <li>• Respetar las normas de comunicación en cualquier contexto: turno de palabra, escucha atenta al interlocutor...</li> <li>• Manejar elementos de comunicación no verbal, o en diferentes registros en diversas situaciones comunicativas.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar potencialidades personales como aprendiz: estilos de aprendizaje, inteligencias múltiples, funciones ejecutivas...</li> <li>• Desarrollar las distintas inteligencias múltiples.</li> <li>• Gestionar los recursos y las motivaciones personales en favor del aprendizaje.</li> <li>• Generar estrategias para aprender en distintos contextos de aprendizaje.</li> <li>• Aplicar estrategias para la mejora del pensamiento creativo, crítico, emocional, interdependiente...</li> <li>• Desarrollar estrategias que favorezcan la comprensión rigurosa de los contenidos. Planificar recursos necesarios y pasos a realizar en el proceso de aprendizaje.</li> <li>• Seguir los pasos establecidos y tomar decisiones sobre los pasos siguientes en función de los resultados intermedios.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emplear distintas fuentes para la búsqueda de información.</li> <li>• Seleccionar el uso de las distintas fuentes según su fiabilidad.</li> <li>• Elaborar información propia derivada de información obtenida a través de medios tecnológicos.</li> <li>• Manejar herramientas digitales para la construcción de conocimiento.</li> <li>• Comprender los mensajes elaborados en códigos diversos.</li> <li>• Actualizar el uso de las nuevas tecnologías para mejorar el trabajo y facilitar la vida diaria.</li> <li>• Aplicar criterios éticos en el uso de las tecnologías.</li> </ul>

CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar recursos personales apoyándose en las fortalezas.</li> <li>• Asumir las responsabilidades encomendadas y dar cuenta de ellas.</li> <li>• Ser constante en el trabajo superando las dificultades.</li> <li>• Gestionar el trabajo del grupo coordinando tareas y tiempos.</li> <li>• Contagiar entusiasmo por la tarea y confianza en las posibilidades de alcanzar objetivos.</li> <li>• Generar nuevas y divergentes posibilidades desde conocimientos previos del tema.</li> <li>• Configurar una visión de futuro realista y ambiciosa.</li> <li>• Mostrar iniciativa personal para iniciar o promover acciones nuevas.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprometerse con el uso responsable de los recursos naturales para promover un desarrollo sostenible.</li> <li>• Tomar conciencia de los cambios producidos por el hombre en el entorno natural y las repercusiones para la vida futura. Página 28 de 125.</li> <li>• Generar criterios personales sobre la visión social de la estética del cuerpo humano frente al cuidado saludable de este.</li> <li>• Reconocer la importancia de la ciencia en nuestra vida cotidiana.</li> <li>• Manejar el lenguaje matemático con precisión en cualquier contexto.</li> <li>• Identificar y manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos geométricos...) en situaciones cotidianas.</li> <li>• Realizar argumentaciones en cualquier contexto con esquemas lógicomatemáticos.</li> <li>• Aplicar las estrategias de resolución de problemas a cualquier situación problemática.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conocer y aplicar derechos y deberes de la convivencia ciudadana en el contexto de la escuela.</li> <li>• Identificar las implicaciones que tiene vivir en un Estado social y democrático de derecho refrendado por una norma suprema llamada Constitución española.</li> <li>• Desarrollar capacidad de diálogo con los demás en situaciones de convivencia y trabajo y para la resolución de conflictos.</li> <li>• Mostrar disponibilidad para la participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>• Reconocer riqueza en la diversidad de opiniones e ideas.</li> <li>• Aprender a comportarse desde el conocimiento de los distintos valores.</li> <li>• Concebir una escala de valores propia y actuar conforme a ella.</li> <li>• Evidenciar preocupación por los más desfavorecidos y respeto a los distintos ritmos y potencialidades.</li> <li>• Involucrarse o promover acciones con un fin social.</li> </ul>

#### LEENDA COMPETENCIAS:

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnología.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CD	Competencia dixital.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

## 7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	4	3	2	1
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

• INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	4	3	2	1
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará: ao finalizar cada trimestre**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista: reforzar os contidos do curso anterior.**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión: reforzo dos contidos e adaptación da temporalización.**

Indicadores:

	Escala			
	4	3	2	1
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS**

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. Adecuacións necesarias para o alumnado con necesidades específicas segundo o indicado nos protocolos.</li> </ul> <p>Realizaranse as adaptacións que sexan necesarias, segundo as indicacións que se recollen nos diferentes protocolos para o alumnado con necesidades específicas.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Tempo diferenciados, horarios específicos, etc.</li> <li>Espazos diferenciados.</li> <li>Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li> </ol> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desdoblamento de grupos. NON</li> <li>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. NON</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</li> </ul> <p>Adaptacións que sexan necesarias facer dependendo da actividade e das circunstancias do estado de pandemia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</li> </ul> <p>Adecuacións necesarias para o alumnado con necesidades específicas segundo o indicado nos protocolos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. NON</li> <li>• Programa específico para alumnado repetidor da materia. NON</li> <li>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia. NON</li> </ul>
---	---

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</li> </ul> <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</li> </ul> <p>NON</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións curriculares na materia.</li> </ul> <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> </ul> <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado con flexibilización na escolarización.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</li> </ul>	<p>NON</p>
<p>NON</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.</li> </ul>	<p>NON</p>
<p>NON</p>	

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

**As actividades complementarias e extraescolares están incluídas na PXA.**

## 11. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Segundo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II
  - **CRITERIO NUMÉRICO:**
    - Con 1 materia non superada: Promociona
    - A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.
  - **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**
    - 1-Nada de acordo
    - 2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

<b><u>CRITERIO</u></b>	Non promoción		Promoción	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promoción		Non promoción	
	4	3	2	1
4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

\*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

#### *Artigo 6. Promoción de curso e de etapa*

*1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.*

*2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

3. *Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio*
4. *A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.*
5. *O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.*